



EXPEDIENTE	3002/2024
PROCEDEMENTO	Fomento da actividade económica
TIPO DE DOCUMENTO	Resolución da Alcaldía
TRÁMITE	Aprobación de bases de participación no mercado ecolóxico e artesanal na edición de 17 de novembro de 2024.

ANTECEDENTES

A organización dun mercado ecolóxico de carácter estacional nace como resposta a unha situación de crise en todos os ámbitos (económico, financeiro, laboral, social,...), que provoca un alto nivel de desemprego na poboación.

Esta situación unida á existencia no municipio de recursos propios susceptibles de converterse en recursos produtivos levou a pensar en actuacións concretas de desenvolvemento local que contribúan a mellorar esta situación e a pasar dunha estratexia pasiva a unha totalmente activa vinculando poboación e territorio.

A organización dun mercado ecolóxico e artesanal, ten como finalidade, entre outras, á de sensibilizar á cidadanía na conservación e explotación de xeito sostible dos recursos naturais.

Este mercado ecolóxico e artesanal, cuxa primeira edición foi en xullo de 2013, está conseguindo asentarse como un evento de carácter medioambiental, pero tamén de promoción local, edicións que se viron truncadas polas circunstancias sanitarias provocadas pola Covid. Os resultados da organización dos mercados nos anos anteriores foron altamente positivos, tanto polo incremento do número de expositores como polos visitantes e pola participación nas diferentes actividades que se organizan (obradoiros, charlas,).

Este incremento do interese por participar no mercado, unido á necesidade de financiar os gastos que xenera, leva á necesidade de regular a participación establecendo criterios e requisitos que permitan manter os obxectivos do mercado, contando coa experiencia adquirida na convocatoria e xestión de mercados anteriores.

A concelleira delegada de Persoal, Promoción Económica, Comercio Local, Turismo e Praias presentou unha proposta (Cod. Validación: 7FZLR5R9KKQDTFFNWPQA7QMRE) con data **17 de outubro de 2024** para a convocatoria dunha nova edición do mercado ecolóxico e artesanal de Bueu para o 17 de novembro de 2024. Xunto coa proposta preséntanse as bases de participación no mercado.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS





A Lei 7/1985 de bases de réxime local, así como a Lei 5/1997 de administración local de Galicia atribúenlle ao alcalde as funcións de xestión e organización da administración municipal.

A Lei 7/85 establece no seu artigo 25,i) *Ferías, abastos, mercados, lonjas y comercio ambulante* como competencia municipal.

Ordenanza fiscal municipal núm. 14 reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

Primeiro: Aprobar as bases de participación na décimo segunda edición do mercado ecolóxico e artesanal de Bueu “Mercado ecolóxico e artesanal” que se achegan con esta resolución.

Segundo: Convocar **unha nova edición do mercado para o domingo 17 de novembro no aparcadoiro de As Lagoas** e establecer como prazo para a presentación de solicitudes ata o **25 de outubro de 2024**, dende a publicación do anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Bueu .

Documento asinado electronicamente á marxe.





EXPEDIENTE	3002/2024
PROCEDEMENTO	Fomento da actividade económica
TIPO DE DOCUMENTO	Bases reguladoras do mercado

BASES DE PARTICIPACIÓN NO “MERCADO ECOLÓXICO E ARTESANAL” DE BUEU (EDICIÓN 17 DE NOVEMBRO DE 2024)

1 Obxecto

O obxecto das presentes bases é a regulación dos requisitos e condicións, así como o procedemento para a participación no Mercado ecolóxico e artesanal de Bueu.

2 Obxectivos do mercado ecolóxico e artesanal

2.1 Obxectivos xerais:

- Diversificar e consolidar a economía local partindo do consumo responsable e a produción sustentable, aproveitando os recursos endóxeos con criterios de responsabilidade social, económica e ecolóxica.
- Contribuír á conservación e recuperación da cultura rural e tradicional, con especial relevancia dos oficios tradicionais, a sabedoría popular e campesiña, e as formas de uso e xestión sustentable dos recursos naturais.
- Conservar a biodiversidade biolóxica e os agrosistemas asociados ás actividades produtivas de carácter local, ecolóxico e artesanal.

2.2 Obxectivos específicos:

- Promover os produtos locais elaborados de forma ecolóxica e artesanal, garantindo a veciños e visitantes produtos de calidade.
- Complementar a exposición e venda de produtos con actividades prácticas complementarias tales como obradoiros, demostracións, catas ou exhibicións. Impulsar a realización de charlas, coloquios, xornadas, encontros ou outros eventos orientados a fomentar un modelo de consumo e produción responsable e sustentable.
- Promover o intercambio de experiencias entre veciños, visitantes produtores, transformadores, distribuidores, asociacións e artesáns, xerando un espazo propicio para a creación de redes de consumo, distribución, troco e intercambio.
- Recuperar a praza do pobo como lugar emblemático para as relacións sociais, as transaccións económicas, o troco e os intercambios artísticos e culturais.
- Aproveitar as novas tecnoloxías da información e a comunicación para a organización, difusión, engrandecemento e mellora do mercado.
- Contribuír á consolidación de empresas ecolóxicas e/ou artesáns con capacidade de permanencia e identificación co territorio.





3 Lugar, data de celebración e horario

A data de celebración será o 17 DE NOVIEMBRE DE 2024.

O lugar de celebración será o aparcadoiro da As Lagoas.

O horario do mercado será de 11:00 ás 20:00 h. (horario de inverno) e todos os expositores estarán presentes durante ese horario.

4 Requisitos dos participantes

Poderán participar no mercado un **máximo de 40 postos**, que se poderá reducir tendo en conta o número de localizacións dispoñibles, diversificación dos produtos expostos e maior adecuación ao carácter do evento e dentro das seguintes temáticas:

- Alimentación: Produtores, elaboradores, transformadores dados de alta polo CRAEGA, ou, no seu defecto, aqueles que elaborando os seus produtos de forma ecolóxica ou artesanal, así o manifesten na correspondente declaración xurada.

Os produtores que vendan os produtos (ovos, mel, pole, propole, xalea real, legumes, hortalizas, cereais, froita e froitos silvestres e cogomelos) recollidos no Decreto 125/2014, do 4 de setembro, polo que se regula en Galicia a venda directa dos produtos primarios desde as explotacións á persoa consumidora final, deberán presentar a comunicación de alta na Sección de Explotacións acollidas á Sección de venda directa (SEVEDI).

- Artesanía: Os produtos teñen que ser realizados pola persoa artesá ou empresa solicitante. Acreditarase a condición de artesán mediante presentación do carta de artesanía expedida pola Comunidade Autónoma correspondente.
- Comercio xusto: Forma alternativa de comercio promovida por varias organizacións non gobernamentais, Nacións Unidas e movementos sociais e políticos que promoven unha relación comercial xusta entre produtores e consumidores.
- Saúde e benestar: Cosmética e hixiene natural, hábitat saudable, terapias naturais e alternativas, remedios naturais.
- Tecidos e calzado: Tecidos e materiais de orixe biolóxica, natural e reciclada natural.
- Turismo: Turismo rural, ecoturismo..., propostas para o ocio e tempo libre baseadas en criterios de respecto e protección do medio.
- Gastronómicos: Postos que oferten comida na carpa gastronómica establecida para o efecto con oferta de menú vexetariano, con produtos sostibles,.. (máximo 4).
- Outros: Calquera outra actividade que non se inclúa nos sectores anteriores e que desexe participar no mercado ecolóxico e artesanal deberá presentar os motivos polos cales considera que os seus produtos ou servizos son aptos





para a súa exposición no Mercado e a Organización decidirá sobre a súa admisión.

5 Normas xerais de funcionamento

Nas presentes bases o termo "expositor" representa calquera persoa física ou xurídica que conte con espazo no mercado. O termo "organización" representa o Concello de Bueu.

A admisión de solicitudes fundamentarase no número de localizacións dispoñibles, diversificación dos produtos expostos e maior adecuación ao carácter do evento.

Reservarase un máximo de 10 postos para expositores do termo municipal de Bueu, que no caso de non ser ocupados entrarán a formar parte do cupo total.

En artesanía admitiranse como máximo 10 postos.

A organización será responsable da distribución dos postos, atendendo a criterios de conveniencia e funcionalidade. O mesmo día do mercado, a organización coordinará cos expositores a ubicación precisa do posto.

Os expositores poderán propoñer á organización actividades e talleres que completen o avance de programación do Mercado.

Non está permitida a venda de produtos de segunda man, nin a venda de animais, nin de substancias que atenten contra a saúde pública.

A publicidade no posto a través de distintos elementos (pizarra, carteis,...) deberá estar realizada en galego.

Os expositores deben cumprir toda a normativa sanitaria relativa á manipulación de alimentos e comercializar exclusivamente produtos artesanais ou ecolóxicos de elaboración propia. **Non se permitirá a revenda de produtos.**

A zona destinada a exposición e/ou venda para os expositores é a necesaria para a ubicación dun posto de venda ou de exposición.

Os coches deberán ser retirados tan pronto como se descargara e só poderán estar no recinto fóra do horario de apertura do mercado.

A organización facilitará unha carpa na que se ubicará o mercado, stands individuais de 2 m. de ancho e mesas de 1,80 m.* 0,70 m. para cada un dos expositores. -

É requisito imprescindible deixar a zona ocupada totalmente libre de calquera tipo de residuo, unha vez rematado o mercado.

Tanto a montaxe como a desmontaxe dos stands correrá a cargo dos participantes, contando en todo momento coa colaboración da organización.

As operacións de montaxe dos espazos polos expositores participantes serán as seguintes:

Montaxe: día do mercado, de 8:30 ás 10:30.

Desmontaxe: día do mercado de 20:00 h. ás 22:00 h.





Os postos que precisen de conexión eléctrica deberán indicar na solicitude que aparello eléctrico traerán e que potencia ten. O consumo máximo por posto é de 2000 vatios, límite que poderá ser reducido en función da necesidade global de consumo dos postos da feira.

6 Procedemento de solicitude

6.1 Formas de presentación:

- **Persoas xurídicas:** Deberán presentar obrigatoriamente a través da sede electrónica do Concello de Bueu (<https://bueu.sedelectronica.gal>), accedendo a “catálogo de trámites, instancia xeral”.

A esta instancia engadirase a solicitude de participación no mercado, así como toda a documentación complementaria establecida nas bases.

- **Persoas físicas:** A solicitude xunto coa documentación complementaria poderá presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Bueu, en horario de 8:30 ás 13:30 horas, de luns a venres ou tamén a través da sede electrónica do Concello de Bueu.

De acordo co establecido no art. 16 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas a documentación poderá presentarse en calquera dos rexistros dos suxeitos do artigo 2.1. Neste caso, deberán enviar unha copia da solicitude e da documentación presentada ao correo electrónico aedl@concellodebueu.gal.

6.2 Prazo

O prazo para a presentación de solicitudes será ata o **25 de outubro incluído**, dende a publicación do anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Bueu (<https://bueu.sedelectronica.gal>) á que tamén se pode acceder a través da web municipal (concellodebueu.gal). De forma complementaria e para efectos informativos, tamén se publicará na web municipal e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial.

6.3 Documentación:

1. Solicitude de participación no mercado (dispoñible en <https://concellodebueu.gal/descarga-de-formularios>)

O modelo de solicitude inclúe unha declaración responsable na que a persoa interesada manifesta:

- 1 Que todos os datos son certos.
- 2 Que os produtos que exporá e/ou venderá corresponden a producións locais e de pequena escala, e que se obtiveron de xeito artesanal e/ou ecolóxico.
- 3 Que leu e acepta as presentes bases que regulan o "Mercado ecolóxico e artesanal de Bueu".

O solicitante que non entregase a solicitude no prazo indicado quedará fóra da feira.





- 2. Xustificante de pagamento da taxa pola participación no mercado:**
xustificante de pagamento da taxa por importe de 25,44€ prevista no artigo 5, epígrafe E, da ordenanza fiscal núm. 14 reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local.

O pagamento da taxa poderá realizarse:

- A través da oficina virtual tributaria (<https://bueu.tributoslocales.es/ga/>) no concepto de “postos e barracas” e tarifa “postos, barracas e casetas (non fixos) igual ou menor de 6 m²”.
- Ou poñéndose en contacto coa Oficina de xestión tributaria (rúa Eduardo Vincenti, 53; telef. 986 39 00 66) para a emisión do recibo de pagamento.

Non será admitido ningún posto que non teña presentado o xustificante de pagamento das taxas.

- 3. Comunicación de alta na Sección de Explotacións acollidas á Sección de venda directa (SEVEDI), de ser o caso.**

- 4. Acreditación de ter pagado o recibo de autónomos da persoa solicitante correspondente ao mes de setembro de 2024.**

- 5. Carta de artesanía, para as actividades artesanías.**

- 6. Acreditación dos datos establecidos no apartado 7 para a valoración.**

A sinatura e presentación da solicitude constitúe un compromiso irrevogable por parte da solicitante de aceptar e acatar as normas, establecidas nas presentes bases, así como as disposicións concretas que para o correcto desenvolvemento do mercado foran establecidas pola organización.

Sen prexuízo do establecido anteriormente, a organización poderá reclamar dos solicitantes calquera información ou documentación adicional que considere necesaria, coa finalidade de verificar os datos achegados.

7 Procedemento de valoración e admisión de solicitudes

A valoración das solicitudes é competencia exclusiva da organización, e efectuarase conforme aos requisitos e criterios preferentes que se establecen a seguir:

- A) Contar coa certificación ecolóxica en vigor.
- B) Acreditación de etiquetado en galego.
- C) Criterios relacionados coa actividade:
 - C.1 Para produtores de alimentación, comercio xusto, benestar e saúde, ecoturismo, tecidos e calzado:
 - Territorialidade da explotación e da produción.
 - Calidade dos produtos.





- Tipicidade e tradición.
- Sostibilidade social e ambiental do proceso produtivo.
- Seguridade e hixiene dos produtos.
- Variedade da oferta e diversificación do produto.

C.2 Para artesáns:

- Calidade, creatividade e habilidade manual da arte.
- Técnicas ou procesos de produción.
- Materias primas empregadas na súa elaboración.
- Lugar de procedencia.
- Difusión da identidade cultural.
- Singularidade, labor artística e cultural representada nos seus produtos.
- Nivel de preservación das nosas tradicións.
- Promoción do uso sostible dos recursos na actividade artesanal.

Comisión de valoración: A comisión de valoración está composta pola concelleira delegada da área de Economía, a concelleira delegada de Cultura e a técnica da unidade de Recursos Humanos e Promoción Económica, quen actuará como secretaria da comisión e poderá ser invitado un membro externo pertencente a unha asociación ou entidade cuxa finalidade se encadre dentro dos obxectivos do mercado ecolóxico e artesanal, como por exemplo, promoción do desenvolvemento sostible, indicación xeográfica protexida, de produtores ecolóxicos, etc.

No caso de que a solicitude careza da información esixida, requirirase ao interesado para que subsane a falta ou achegue os documentos preceptivos, segundo se recolle na Lei de procedemento administrativo.

No caso de que haxa máis solicitudes que postos terán preferencia na participación os postos de produción e alimentación, fronte aos de artesanía e servizos, atendendo aos obxectivos do mercado.

Aos solicitantes excluídos que pagaron a taxa e non participan no mercado seralles devolto o seu importe.

8 Publicidade do procedemento

A convocatoria e as bases publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Bueu (<https://bueu.sedelectronica.gal>) á que tamén se pode acceder a través da web municipal (concellodebueu.gal).

De forma complementaria e para efectos informativos, tamén se publicará na web municipal e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial.

9 Dereitos dos expositores





A exposición e venda dos seus produtos.

Participar en cantas actividades se organicen no Mercado.

10 Obrigas dos expositores

1- A venda e/ou exposición de produtos elaborados que fosen relacionados de xeito indicativo na solicitude de participación presentada, non admitíndose baixo ningún concepto a revenda de produtos non propios ou que non sexan de elaboración artesanal.

2- A decoración do posto é de exclusiva responsabilidade do expositor e sempre deberá manter unha estética acorde coa filosofía do mercado.

3- Que o seu posto permaneza aberto e debidamente atendido durante o horario establecido.

4- Responsabilizarse dos produtos expostos no posto durante a celebración do mercado.

5- Non realizar accións que alteren ou impidan o desenvolvemento ordinario do mercado.

6- Queda expresamente prohibida a instalación, tanto dentro coma fóra dos postos, de carteis e pancartas que se refiran a temas distintos á publicidade ou explicación dos produtos ofertados.

7- Non se poderán pechar postos adxudicados, nin ceder a terceiras partes.

8- Garantir a ocupación permanente do posto cunha oferta variada e un número suficiente de produtos, representativos e acreditados na instancia de solicitude.

9- Non realizar promocións comerciais tales como ofertas, liquidacións, rebaixas e similares.

10- Atender os requirimentos que, en cumprimento destas bases, lles fagan chegar os organizadores.

11- Presentar o produto(s) á venda respectando as normas de hixiene e seguridade. De non cumprirse isto, a organización pode pechar o posto e expulsar do evento o expositor.

12- Coidar e colaborar no mantemento e boa conservación do ámbito onde se celebra o mercado.

11. Competencias





No uso das súas competencias, a organización poderá adoptar as medidas que considere oportunas para o correcto desenvolvemento do mercado, entre elas, a retirada de produtos non autorizados nin relacionados na solicitude de participación polo interesado, o peche do posto e a expulsión do Mercado.

A organización resérvase o dereito de fotografar ou filmar expositores e produtos expostos e de utilizar estas reproducións nas súas publicacións e promocións oficiais.

A organización non se responsabiliza das modificacións que poidan producirse por causas alleas ou de forza maior.

O Concello de Bueu comprométese a organizar actividades e facer publicidade do evento.

